

O PRIMEIRO ALALÁ

Especial pra A L A L Á



home, pelingriño silandeiro na noite dos tempos, chegou senlleiro unha serán cando a lúa esbara brincadeira pol-o prado do ceo. Malenconía lumiñaba a súa ialma, chea de vaguedá inmorrente e infida.

Deitouse no chan, na semprenoiva mollada a ollar paseñamentos as estrelas segreles choutando na noite. Límpidas ponlas de vento cantureiro depinicaban ledamente. A mar choraba acorada zalógrobes xemidos de xílgaro. Todo era lúa e vento, terra e brétema, estrela e auga. E arelas e lembranzas saudosas estouraban o peito do home galego.

E sucedeu que soma azui, cristal feito pingas, apareceu a poncela, leda e alporizada.

Deitouse pertiño do home, tenra e belida, e un laio silandeiro fireu o aer. A testa d'il, acarón da roseira do peito d'ela, escoitou ó ritmo manseliño do seu corazón. E o home, sono milagreiro, encheu total-a noite e todol-o ceo de doces verbas e sonidos d'ouro.

E foi así que baixo ó feitizo da muller e da Terra, co ritmo do corazón, ó home galego cantou a primeira cantiga.

O primeiro alalá.

EMILIO PITA

